



PLAN DIXITAL

CEIP A LOMBA

Xuño, 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP A Lomba

Dirección:

- Edificio A Lomba: Rúa Xunqueira, S/N. C.P.: 36600. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- Edificio Anexo A Lomba: Xardíns Doutor Fleming, S/N. C.P.: 36600. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Correo: ceip.alomba@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalomba/>

É un CEIP de titularidade pública que imparte ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil e de Educación Primaria. Está constituído por dous edificios (edificio de A Lomba e edificio Anexo), separados entre eles por máis de 1 km. Ten un horario de xornada única de 9:15 h a 14:15 h, e dispón de comedor e de transporte escolar.

Trátase dun CEIP de tres liñas que conta con 9 unidades de Educación Infantil e 18 de Educación Primaria para acoller a un total de 480 alumnos (355 no edificio da Lomba e 125 no Anexo). O número de Mestres ascende a 47: son 29 da Lomba e 16 no Anexo, e unha xefa do Departamento de Orientación que actúa nos dous edificios. O persoal non docente está composto por 8 persoas: 7 no edificio da Lomba e 1 no Anexo.

O equipo directivo está formado pola directora, dúas xefas de estudos (unha en cada edificio) e a secretaria.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP A Lomba atópase no concello de Vilagarcía de Arousa, na comarca do Salnés, que pertence á provincia de Pontevedra. É capital da ría de Arousa e porto natural de Santiago de Compostela. Polas súas características xeográficas, é un foco de atracción para moitas persoas, que escollen esta cidade para fixar a súa residencia.

Nesta liña, no centro existe unha alta porcentaxe de alumnado estranxeiro, así como unha alta porcentaxe de alumnado de integración tardía.

Tamén acolle unha gran cantidade de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) e con dificultades que precisan unha resposta educativa axeitada, con medidas e accións de atención á diversidade.

A lingua vehicular maioritaria do CEIP é o castelán; concretamente, máis do 90% do alumnado é castelán falante. O seu nivel sociocultural é medio-baixo.

Toda esta casuística precisa unha resposta educativa axeitada, que se recolle nunha serie de plans e programas específicos a través do Proxecto Educativo do centro. No eido tecnolóxico, o Plan Dixital será o que recolla as actuacións que vaian encamiñadas a mellorar a competencia dixital do alumnado, de xeito que contribúe de maneira directa a acadar os obxectivos plasmados no Proxecto Educativo, especialmente o relacionado coa alfabetización dixital.

No Proxecto Educativo recóllese que cada grupo clase ten asignada unha hora semanal de traballo na Aula de Informática. Por falta de infraestrutura e recursos tecnolóxicos, nunha sesión só pode acudir a metade do grupo. Desta maneira, un alumno só ten acceso a esta Aula unha hora cada quince días.

Outro espazo do centro que debe xogar un papel relevante no desenvolvemento da competencia dixital do alumnado é a biblioteca escolar. Débese potenciar o uso dos recursos tecnolóxicos dos que dispón (monitor dixital, robots, placas Makey Makey, etc.).

Coa aplicación deste Plan Dixital durante o curso 2022/2023, preténdese mellorar os equipos dispoñibles no centro e fomentar o uso da Aula Virtual por parte do alumnado, tanto no centro como na casa. Tamén se busca potenciar a competencia dixital do profesorado e fomentar a colaboración entre eles, creando e compartindo recursos dixitais a través da Aula Virtual, así como impulsar a relación con entidades externas que poidan aportar no desenvolvemento da competencia dixital do alumnado.

Durante o vindeiro curso continuarase sensibilizando ao conxunto do profesorado do centro sobre as posibilidades educativas e tecnolóxicas que oferta o programa EDIXGAL para valorar a integración do colexio neste programa a curto ou medio prazo.

Por outra banda, seguirase promovendo o uso das TIC para favorecer as aprendizaxes do alumnado e estimular a súa capacidade crítica para traballar coa información extraída de Internet. Do mesmo xeito, continuarase a facilitar o seu uso ao alumnado con NEAE e empregaranse tamén como medio para a comunicación entre compañeiros e outros centros.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital, como documento que pretende regular a relación coa tecnoloxía neste centro educativo, está fundamentado na normativa vixente no momento da súa elaboración:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE)
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Na elaboración do Plan Dixital (en adiante, PD) participou o Equipo de Dinamización do PD, encargado de plasmar no documento a realidade do centro en materia tecnolóxica e os obxectivos e accións que se levarán a cabo para melloralas. Seguíronse sempre as pautas e recomendacións que foron facendo os asesores ADIX, tanto nas reunións semanais como nas formacións que deron.

Para coñecer o punto de partida, comezamos poñendo en marcha o SELFIE durante os meses de novembro e decembro. O coordinador encargouse de organizar e recoller as preguntas da enquisa, así como de enviar o enlace a todos os mestres do claustro. Os catro membros do equipo de dinamización foron dando pautas para completalo e recordando os prazos para facelo.

Xa no segundo trimestre, co SELFIE xa completado, o equipo de dinamización do PD explicou nun claustro a temporalización das fases para elaborar o Plan Dixital, comezando pola realización do test CDD en fprofe durante o mes de febreiro por parte do profesorado do centro. A función do equipo consistiu en supervisar a súa realización e resolver as dúbidas que puidesen xurdir.

O seguinte paso foi reflexionar sobre os datos do Test CDD e do SELFIE. O equipo ao conxunto analizou os datos, de xeito individual, para poder identificar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do centro en relación coas TIC. A continuación, nunha posta en común, cada un fixo as súas aportacións para realizar o DAFO do centro seguindo as instrucións dadas polos mentores ADIX.

O coordinador do equipo de dinamización do PD implantou a ferramenta BOARD na Aula Virtual para facilitar o traballo cooperativo. Deste xeito, todos os membros do equipo puideron completar a táboa do DAFO coa información extraída do SELFIE, despois de identificar debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do centro de xeito individual, en relación coas TIC, e de poñelas en común nunha xuntanza grupal.

Co DAFO cumprimentado e revisado polo asesor ADIX do centro, o equipo de dinamización comezou a elaborar os obxectivos para o Plan de Acción. Formularon un obxectivo prioritario conxuntamente e o coordinador encargouse de elaborar os restantes, que posteriormente revisaron e seleccionaron todos os membros do equipo.

O coordinador do equipo de dinamización encargouse de elaborar o Plan Dixital, seguindo as directrices do asesor ADIX do centro e tendo en conta as aportacións dos membros restantes do equipo.

No proceso de implantación e avaliación será clave a participación do equipo directivo, tanto pola súa visión global como pola súa capacidade de mobilizar os recursos necesarios para levalo a cabo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Os dous edificios que conforman este centro educativo contan cunha conexión a internet diferente. No caso do edificio da Lomba, conta con catro puntos de conexión sen fíos en cada unha das tres plantas que conforman o edificio e a conexión é aceptable. Pola súa parte, o edificio Anexo dispón de 4 puntos de conexión sen fíos na planta baixa, que non funcionan, e 5 na primeira planta. A velocidade de conexión por cable e sen fíos tamén é aceptable no edificio da Lomba, pero non no Anexo.

Porén, moitos dos equipos están vellos e precisan ser substituídos, igual que os proxectores. Os encerados dixitais cos que contan todas as aulas de Educación Primaria dan moitos problemas e descalíbranse continuamente. Algúns destes recursos foron adquiridos polo propio centro e a UAC non se fai cargo do seu mantemento e/ou arranxo (faino un técnico externo).

Na seguinte táboa recóllense **todos os dispositivos tecnolóxicos dos que dispón o centro**, desglosados por aulas e outros espazos.

EDIFICIO A LOMBA	
Aulas	Ordenadores e outros equipos
Infantil	1 ordenador por aula + 1 pantalla de proxección
Aulas de Primaria (de 1º a 6º)	1 ordenador por aula + 1 encerado dixital interactivo
Aula de Relixión	1 ordenador
Aula de Música	1 ordenador
Aula de AL	1 ordenador
Aula de PT	1 ordenador
Sala de mestres	3 ordenadores + 1 fotocopiadora
Departamento de Orientación	1 ordenador
Despacho dirección	1 ordenador
Despacho xefatura de estudos	1 ordenador
Despacho secretaría e administrativa	2 ordenadores
Biblioteca	4 ordenadores + monitor dixital + robots (4 escornabots e 1 doc) + placas de Makey Makey + placas de arduino + 1 tablet + impresora + escáner + impresora 3D
Aula de Informática	15 ordenadores
Conserxería	1 fotocopiadora

EDIFICIO ANEXO	
Aulas	Ordenadores e outros equipos
Infantil	1 ordenador por aula + 1 pantalla de proxección + 1 Bee Bot
Aulas de Primaria (de 1º a 6º)	1 ordenador por aula + 1 encerado dixital interactivo
Aula de Música	1 ordenador + encerado dixital interactivo
Aula de AL/PT	1 ordenador
Sala de mestres	2 ordenadores
Despacho xefatura de estudos	1 ordenador
Biblioteca	1 ordenador
Aula de Informática	15 ordenadores
Sala de fotocopias	1 fotocopiadora

Os servizos dixitais educativos que se empregan no centro educativo son, na súa maior parte, de código aberto. Algúns deles son os seguintes:

- A páxina web do centro e a aplicación abalarMobil para a comunicación coas familias e a comunidade educativa
- A aula virtual
- Libre Office como ferramenta de ofimática
- Youtube para almacenar e compartir vídeos
- Google Drive para o almacenamento de arquivos
- O correo edu.xunta
- Webex para videoconferencias
- Etc.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar a análise DAFO, usamos principalmente os resultados obtidos de dous tests diferentes:

1. **Autoavaliación SELFIE:** test no que participou tanto o alumnado como o profesorado e o equipo directivo. Inclúe preguntas vinculadas con diferentes áreas (liderado, colaboración, infraestruturas...) e nas que participaron tanto o alumnado como o profesorado e o equipo directivo.

Áreas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.9
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.2
	Profesorado	2.4
	Alumnado	3.2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	2.7
	Alumnado	3.1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.2
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.7

	Profesorado	2.4
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.3

2. Test CDD: este test, máis subxectivo que o anterior, serve para ter unha lixeira idea do nivel de competencia do profesorado do centro.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	33	34	97,1%
PROVISIONAL	7	7	100%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	6	9	66,7%
OUTROS	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61,8	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	54,5	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
EP	62,2	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	5	10%
A2	22	44%
B1	18	36%
B2	5	10%
C1	0	0%
C2	0	0%
TOTAL	50	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do informe SELFIE e do Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Acceso a internet para a ensinanza e a aprendizaxe. 2. Dispositivos dixitais portátiles que pode levar o alumnado de ser necesario. 3. Acceso a tecnoloxías asistenciais para o alumnado con NEAE. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escaseza de dispositivos tecnolóxicos con conexión a internet. 2. Dispositivos dixitais dispoñibles moi obsoletos. 3. Falta de espazos físicos que faciliten o uso das TIC.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Capacidade para buscar, compartir e crear recursos educativos abertos en internet, que implican ao alumnado. 2. Posibilidade de debate sobre as necesidades ou actualización da FPP. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Pouca competencia dixital. 2. Falta de tempo para explorar coas TIC. 3. Escasa formación en medios tecnolóxicos. 4. Escasa motivación no emprego de medios tecnolóxicos.
	PERSOAL NON DOCENTE		<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de persoal non docente que use as TIC.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Interese por actividades que implican as TIC. 2. Desenvolvemento de competencias dixitais (comportamento seguro, responsable). 3. Aprendizaxe para buscar e comprobar información fiable e precisa. 4. Habilidades de comunicación a través das TIC. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escasa creación de contidos dixitais. 2. Pouca formación en codificar e programar. 3. Falta de aprendizaxe na resolución de problemas técnicos.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso de ferramentas tecnolóxicas corporativas para a comunicación co centro, como a aplicación abalarMobil. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Baixa competencia no uso dalgunhas ferramentas dixitais.
	OFERTA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Traballo na aula de informática cada 15 días. 2. Falta de recursos dixitais da Consellería, como EDIXGAL.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación. 2. Apoio do equipo directivo para explorar novas formas de ensinanza con TIC. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estar conformado por dous edificios de separación de máis de 1 km. 2. Falta dunha estratexia dixital a nivel de centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Acceso a posibilidades de desenvolvemento profesional continuo. 2. Oferta de programas e ferramentas como EDIXGAL ou Agueiro.	1. Ningunha dispoñibilidade de tempo para que o profesorado explore como mellorar a ensinanza coas TIC.
	LEXISLACIÓN	1. Existencia de sistemas de protección de datos. 2. Respecto dos dereitos de autor.	1. Cambios lexislativos constantes. 2. Currículo moi extenso.
	CONTORNA	1. Acceso da maioría do alumnado a dispositivos fóra do centro educativo.	1. Falta de colaboración con outros centros/organizacións para apoiar o uso das TIC. 2. Uso escaso da tecnoloxía como fonte de aprendizaxe.
	ANPA	1. Colaboración coa ANPA para formación sobre o uso responsable das TIC.	1. Baixa porcentaxe de participación por parte das familias.
	OUTRAS ENTIDADES	1. Posibilidade de formación a través de entidades externas ao centro.	1. Falta de actividades ou formación para o alumnado en competencias STEAM.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a elaboración dos obxectivos, os indicadores e as accións a desenvolver empregáronse principalmente os datos recollidos no informe SELFIE: seleccionamos as áreas de menor puntuación para identificar os puntos febles do centro, valoramos as posibles vías de mellora e formulamos uns obxectivos realistas e facilmente alcanzables, aos que pretendemos chegar a través dunhas accións específicas con datas límite. Recóllense nas seguintes táboas.

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 1:	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (B3*)				Acadado	
Responsable:	Dirección ou persoa responsable das actividades complementarias e extraescolares				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de colaboración con outras entidades (instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida:	0 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)					
Valor previsto e data:	3 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro	Dirección ou persoa responsable das actividades complementarias e extraescolares	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego...)	Dirección ou persoa responsable das actividades complementarias e extraescolares	31/5/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 2:	Compartir entre o profesorado os recursos educativos dixitais que crean, a través da Aula Virtual (E2*)				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de participación do profesorado (instrumento: Aula Virtual)					
Valor de partida:	38% do profesorado crea recursos dixitais, pero non os comparte					
Valor previsto e data:	60% do profesorado crea e comparte algún recurso dixital a través da AV			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado na AV do centro	Coordinador TIC	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Dar a coñecer algún exemplo de software que o profesorado pode empregar para crear recursos educativos dixitais	Equipo TIC	31/1/2023	Software para crear recursos dixitais (Canva, Genially, Plickers, Kahoot...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Publicar algún recurso dixital creado polos docentes no curso correspondente da AV do centro		31/3/2023	Recursos educativos dixitais creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Recibir feedback dos compañeiros e compañeiras que visualicen o seu recurso		30/6/2023	Actividades publicadas na Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamento (C)						
OBXECTIVO 3:	Actualizar ou renovar os dispositivos dixitais da aula de informática (C1*)				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC e persoa secretaria do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de equipos da aula de informática con hardware anterior a 2005 actualizados					
Valor de partida:	0% de equipos da aula de informática con hardware anterior a 2010 actualizados ou renovados (instrumento: memoria TIC)					
Valor previsto e data:	50% de equipos da aula de informática con hardware anterior a 2010 actualizados ou renovados			15/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Determinar as necesidades de cada equipo da aula de informática	Coordinador TIC	1/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos (ou substituílos por completo)	Coordinador TIC e persoa secretaria do centro	15/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 4:	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado (E3*)				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por aula (instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida:	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data:	5 actividades realizadas co alumnado na AV por aula			30/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Crear os cursos e matricular ao profesorado e alumnado na AV do centro	Coordinador TIC	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesor/a da materia	31/3/2023	Actividades creadas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Traballar co alumnado nas actividades creadas		30/6/2023	Actividades publicadas na Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidade	Cantidade	Finalidade	Destino
Un punto de conexión sen fíos (WiFi) en cada aula	Edificio A Lomba: 12 puntos de conexión sen fíos Edificio Anexo: 7 puntos de conexión sen fíos	Resolver os problemas de conexión e velocidade	Edificio A Lomba: Aulas de Infantil e Primaria que non o teñen Edificio Anexo: Aulas de Infantil e Primaria que non o teñen ou que non lles funciona
Aulas dixitalizadas, con conectividade e posibilidade de visualización e interacción	27	Renovar e actualizar os equipos das aulas que tantos problemas dan	Todas as aulas de Infantil e Primaria dos dous edificios
Equipos ultrapotátiles para aula móbil, con posibilidade de desprazamento a diferentes espazos	Edificio A Lomba: 2 armarios e 50 portátiles Edificio Anexo: 1 armario e 25 portátiles	Substituír as Aulas de Informática con equipos obsoletos, por aulas móbiles flexibles que se adapten a diferentes espazos	De 1º a 6º de Primaria
Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos	9		Edificio A Lomba: 3 sala de mestres 1 PT 1 AL 1 Departamento de Orientación Edificio Anexo: 2 sala de mestres 1 AL/PT
Equipos para postos de xestión e administración do centro	5	Dotar as áreas de xestión do centro de equipos actualizados para mellorar a eficiencia.	Dirección, Xefaturas de Estudos (do edificio de A Lomba e do Anexo), Secretaría e Administración

4. Avaliación do plan

O seguimento do desenvolvemento do plan será continuo e estenderase ao longo de todo o vindeiro curso:

- No contexto da avaliación procesual, propónse realizar unha reunión trimestral tanto no equipo de TIC como na CCP, coa fin de valorar o estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e propostas de mellora.
- No contexto de avaliación final, ao final do curso, o equipo TIC valorará o nivel de cumprimento de cada obxectivo e, en función dos resultados, propoñerá as melloras oportunas.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital é o documento que articula as pautas e accións establecidas para mellorar a relación coas TIC no ámbito educativo e, como tal, debe ser posto en coñecemento de toda a comunidade educativa.

Con ese fin, o Plan Dixital será incorporado ao Proxecto Educativo e publicado na páxina web do centro. As familias serán notificadas tamén a través da aplicación abalarMobil.